

“1. Con carácter xeral, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable á transmisión de bens inmobles, así como na constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre estes, agás os dereitos reais de garantía, será do 9 %.”

*Artigo 4. Bonificación da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos.*

Un.- Os suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos, poderán aplicar unha bonificación que acadará o importe equivalente ao:

- a) 46% da cota trimestral devindicada no primeiro trimestre do ano 2021, para aquelas máquinas instaladas en casinos, salas de bingo, salóns de xogo e tendas de apostas.
- b) 33% da cota trimestral devindicada no primeiro trimestre do ano 2021, para aquelas máquinas en situación de alta que non estean instaladas nos establecementos aos que se refire a letra anterior.

Os suxeitos pasivos poderán aplicar a bonificación anterior, sempre que a autorización estivera en situación de alta nalgún día do dito período. Para os efectos de determinar a porcentaxe terase en conta a tipoloxía do establecemento en que a máquina estivera instalada o día 27 de xaneiro de 2021.

A aplicación da bonificación que proceda deberán realizala de xeito acumulado de ser o caso, na primeira autoliquidación que presenten no ano 2022 en período voluntario, sen que esta poda ser negativa. No caso de que non puideran aplicar a bonificación de xeito completo por ser superior o seu importe ao importe a ingresar da autoliquidación, a cantidade que reste aplicarana nas subseguintes autoliquidacións ata esgotala.

No caso de que o suxeito pasivo non tivera que presentar ningunha autoliquidación polos períodos impositivos que se declaran durante o ano 2022, poderá solicitar a rectificación da autoliquidación presentada correspondente ao primeiro trimestre do ano 2021.

Dous.- Habilítase á persoa titular da consellaría competente en materia de facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación da bonificación establecida neste artigo. Así mesmo, a persoa titular da dirección da Axencia Tributaria de Galicia poderá actualizar, de ser necesario, os modelos de autoliquidación da taxa fiscal sobre os xogos de sorte, envite e azar co fin de adaptalos á regulación da dita bonificación, e ditar as instrucións para completalos, mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia.